

# DIRECTRICES SOBRE O USO DAS MÁSCARAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

**Dirección Xeral de Saúde Pública**

Santiago de Compostela a 25 de abril de 2022



## 1. Introducción

Durante a evolución da pandemia, todos os países da Unión Europea implementaron varias recomendacións con respecto ao uso de máscaras como unha intervención non farmacolóxica complementaria en espazos pechados, así como en lugares públicos onde o distanciamento físico non sempre é posible.

En España, o artigo 6 da Lei 2/2021, de 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 e posteriormente o Real Decreto 115/2022 do 8 de febreiro estableceron os supostos do uso obrigatorio da máscara, así como as excepcións a dita obriga.

A nivel galego, desenvolveuse esta obrigatoriedade no punto 1.4 da Orde do 11 de febreiro de 2022 pola que se prorroga e se modifica a Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalería segura e a Orde do 29 de setembro pola que se aproba o novo Plan de ocio nocturno.

O novo contexto epidemiolóxico caracterizado por unha diminución dos casos graves e da letalidade asociada ao SARS-CoV-2, debido en grande parte á elevada cobertura vacinal acadada na poboación, orixinou un cambio na estratexia de vixilancia e control da pandemia cara unha estratexia que dirixa as actuacións a persoas e ámbitos de maior vulnerabilidade e monitorice os casos de COVID-19 graves e nos casos anteriormente citados, aceptando un nivel controlado de transmisión en grupos menos vulnerables.

Ante esta nova situación epidemiolóxica e de inmunidade da poboación, o Consello de Ministros aprobou o 19 de abril, o Real Decreto 286/2022 polo que se modifica a obrigatoriedade do uso de máscaras durante a situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 e polo que o uso de máscaras deixará de ser



obligatorio en espazos interiores, salvo algunhas excepcións. A medida será efectiva o día 20 de abril tras a súa publicación no Boletín Oficial do Estado.

Cómpre ter en conta que o uso da máscara mostrouse efectiva no control da transmisión da COVID-19, sendo a principal medida de prevención fronte á enfermidade. A pesar dos inconvenientes asociados ao seu uso (incomodidade, dificultade para respirar, aumento de afeccións cutáneas, etc) a cidadanía comprendeu o valor desta medida e a adherencia ao seu uso mantívose moi alto ao longo da pandemia.

Esta cultura de protección non só individual senón tamén colectiva, debe continuar ante esta nova estratexia co fin de protexer ás persoas vulnerables e é por este motivo que o emprego da máscara segue a ser útil para axudar a diminuír o risco de infección destas persoas.

## 2. Obxectivo

Este documento ten como obxectivo describir os ámbitos nos que se mantén a obrigatoriedade do uso da máscara no interior e establecer as recomendacións de uso da máscara noutras situacións e/ou ámbitos non contemplados dentro dos anteriores.

## 3. Ámbitos nos que se mantén a obrigatoriedade do uso da máscara

Tras a publicación do Real Decreto 286/2022, do 19 de abril, polo que se modifica a obrigatoriedade do uso de máscaras durante a situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, as persoas de seis anos en diante quedan obrigadas ao uso de máscaras nos seguintes supostos:

### 3.1. Centros, servizos e establecementos sanitarios

Nos centros, servizos e establecementos sanitarios segundo as definicións contidas no Real Decreto 1277/2003, de 10 de outubro, polo que se establecen as

bases xerais sobre autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios ([ligazón](#)), o uso da máscara será obrigatorio por parte de:

- Persoas traballadoras.
- Usuarios/as, visitas.
- No caso dos centros sanitarios con internamento, das persoas ingresadas mentres non permanezan na súa habitación.

## 3.2. Centros sociosanitarios

### 3.2.1. Centros sociosanitarios residenciais

Os centros sociosanitarios, fundamentalmente os centros residenciais de maiores e de persoas con discapacidade preséntanse como entornas de elevado risco epidemiolóxico por varios motivos. Por un lado, trátanse de ambientes pechados nos que, o propio nivel de dependencia das persoas residentes (dificultade para a alimentación, de mobilidade, etc), favorece o establecemento de contactos próximos e prolongados cos coidadores, o que aumenta o risco de transmisión e de contaxio. Outro factor que pode contribuír ao aumento do risco de transmisión é o feito de que con frecuencia, os residentes presentan algún grado de discapacidade ou deterioro cognitivo que pode dificultar o mantemento das medidas de prevención, como son a hixiene de mans e respiratoria ou o uso adecuado da máscara.

A todo o anterior é preciso engadir o feito da maior vulnerabilidade das persoas que residen nestes centros por tratarse de persoas con patoloxías crónicas ou de idade avanzada (factor que aumenta a susceptibilidade ás infeccións pola propia senescencia do sistema inmune).

O uso da máscara continuará sendo obrigatorio nos seguintes casos:

- Persoas traballadoras.
- Visitas cando estean en zonas compartidas.

Dado que a institución constitúe o domicilio das persoas que alí residen, considérase que o uso permanente da máscara afecta o benestar destas persoas. A última modificación da Lei 2/2021 por medio do RD Lei 115/2022 do 8 de febreiro elimina a obrigatoriedade do uso de máscaras para residentes en centros sociosanitarios.

### 3.2.2. Centros sociosanitarios non residenciais

Os centros sociosanitarios non residenciais (centros de día, centros ocupacionais, etc) se ben teñen un menor risco epidemiolóxico que os residenciais, tamén presentan factores que favorecen o risco de transmisión como pode ser a maior vulnerabilidade das persoas que acoden aos mesmos ou a presenza dalgún grado de discapacidade ou deterioro cognitivo dos/as usuarios/as que dificulta o mantemento das medidas preventivas non farmacolóxicas (hixiene das mans, hixiene respiratoria, etc).

Ademais, cómpre ter en conta que as persoas usuarias destes centros, poden establecer contactos estreitos diarios con diferentes persoas alleas ao centro o cal aumenta o risco de transmisión do virus.

Por todo o anterior, mantense a obrigatoriedade do uso de máscara a:

- Persoas traballadoras.
- Usuarios/as de centros sociosanitarios non residenciais (centros de día, centros ocupacionais, etc) sempre que non presenten algunha das excepcións recollidas no punto 3.4 deste documento.
- Acompañantes de usuarios/as cando accedan ao interior do centro.

### 3.3. Transporte público

Nos medios de transporte concéntrase moita poboación en espazos pequenos, con pouca distancia interpersoal e ás veces durante longos períodos de tempo. Aínda que moitos transportes contan con bos sistemas de ventilación dotados

con filtros de alta eficiencia, esta ventilación non sempre está garantida. É por iso que, neste ámbito, a probabilidade de transmisión en ausencia de máscara pode ser elevada e o impacto podería ser moderado tendo en conta a diversidade de persoas expostas, entre as que podería haber vulnerables.

O uso de máscara será obrigatorio nos medios de transporte aéreo, por ferrocarril ou por cable e nos autobuses (incluído o transporte escolar), así como nos transportes públicos de viaxeiros. Nos espazos cerrados de buques e embarcacións nos que non sexa posible manter a distancia de 1,5 metros, salvo nos camarotes cando sexan compartidos por núcleos de conviventes.

### **3.4. Excepcións á obrigatoriedade do uso de máscara**

A obrigaón do uso da máscara reflectida nos apartados anteriores non será esixible nos seguintes supostos:

- Persoas de menos de 6 anos.
- Persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que poida verse agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitarse a máscara ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización.
- No caso de que, pola propia natureza das actividades, o uso da máscara resulte incompatible, conforme as indicacións das autoridades sanitarias.

## **4. Ámbitos e situacións nas que se recomenda manter o uso da máscara**

### **4.1. Casos sospeitosos e confirmados de COVID-19 e contactos estreitos de casos**

Recoméndase para casos sospeitosos e confirmados de COVID-19 e contactos estreitos de casos o uso de forma constante da máscara e evitar actividades que impliquen quitala sen manter a distancia de seguridade (1,5 m) con outras persoas (Ex.: comer ou beber en presenza doutras persoas). O uso da máscara nestas situacións debe ir acompañado doutras medidas de prevención como evitar o contacto con persoas de grupos vulnerables e reducir todo o posible as interaccións con outras persoas.

Estas recomendacións deberán aplicarse durante 10 días dende inicio de síntomas, dende o diagnóstico (no caso de persoas asintomáticas) ou dende a data do último contacto (no caso de contactos estreitos).

#### 4.2. Poboación xeral

Recoméndase o uso de forma constante da máscara no interior nos seguintes casos:

- Persoas que pertencen a grupos de poboación vulnerables:
  - Persoas de 60 ou máis anos.
  - Embarazadas.
  - Persoas inmunodeprimidas por causas intrínsecas ou extrínsecas.
- No entorno familiar, reunións de amigos ou celebracións de carácter privado en función da vulnerabilidade dos participantes.
- En espazos pechados de uso público nos que as persoas transitan (comercios, supermercados, museos, exposicións, etc) sempre que non sexa posible manter a distancia de máis de 1,5 metros entre as persoas e a ventilación adecuada.
- En espazos pechados nos que as persoas permanecen un tempo prolongado sen que se poda garantir a distancia de seguridade interpersoal



e unha axeitada ventilación (cines, teatros, salas de concertos, actos de carácter relixioso, salóns de peiteado, centros de estética, etc.).

Tamén se recomenda o uso da máscara en espazos tanto interiores (eventos deportivos, musicais, etc) coma exteriores onde se produzan eventos multitudinarios e non se poida garantir a distancia interpersonal de seguridade de 1,5 metros.

### 4.3. **Ámbito laboral e da Administración**

Recoméndase o emprego da máscara nos seguintes casos:

- Traballadores/as vulnerables (persoas de 60 ou máis anos, embarazadas, persoas inmunodeprimidas por causas intrínsecas ou extrínsecas).
- Sempre que o traballo deba realizarse a distancia interpersonal de menos de 1,5 metros e non poida garantirse a ventilación adecuada do espazo.
- En salas de reunións sempre que non se poda garantir a ventilación adecuada e a distancia interpersonal de seguridade de 1,5 metros.
- En espazos compartidos e ou comúns nos que as persoas coinciden (como fotocopiadoras, máquinas expendedoras, aseos).
- En desprazamentos sempre que se realicen en transporte compartido con non conviventes.

Sen prexuízo do anterior, os servizos de Prevención de Riscos Laborais poderán realizar a avaliación do risco do posto de traballo e decidir a necesidade ou non do uso da máscara en base á vulnerabilidade do traballador/a, a ventilación do entorno laboral e a distancia interpersonal naqueles casos nos que poidan xurdir discrepancias co disposto no parágrafo anterior.

Aínda que por lei finalice a obrigatoriedade do uso da máscara no interior, se o servizo de Prevención de Riscos Laborais considera que é preciso empregala, debe ser usada ao igual que calquera outro equipo de protección. A Lei 31/1995, do 8 de



novembro, de prevención de Riscos Laborais reflicte no seu artigo 29 de obrigas dos traballadores en materia de prevención de riscos, no punto 3 que o incumprimento por parte dos traballadores destas obrigas terá a consideración de incumprimento laboral ou de falta e polo tanto está suxeito a un réxime disciplinario.

#### 4.4. **Ámbito educativo**

Neste contexto normativo no que a máscara non resulta obrigatoria é especialmente relevante lembrar a importancia de manter o resto de medidas de protección que, ao longo da pandemia, téñense amosado eficaces. Así, a hixiene de mans, a ventilación e evitar as aglomeracións seguen a ter un alto valor protector. Con todo, débese ter en conta que nos centros educativos pode haber poboación vulnerable entre o alumnado e o persoal docente e non docente, polo que a máscara resulta nestes colectivos vulnerables particularmente recomendable.

Por outro lado e a pesar de que en Galicia o 95,5% da poboación susceptible de vacinar xa está vacinada e que que en concreto, na poboación de 5 a 11 anos é a comunidade autónoma coa maior cobertura de toda España, con máis do 60% desta poboación con dúas doses administradas, é preciso aumentar esta cobertura para acadar maior protección.

Polo tanto, e atendendo ás particularidades descritas, resulta recomendable con carácter voluntario, o uso da máscara no interior dos centros educativos tanto por parte do alumnado coma dos/as traballadores/as do centro.

Nos Centros de Educación Especial que dispoñen de servizo de residencia é recomendable tamén con carácter voluntario, seguir as indicacións previstas para os centros sociosanitarios, polas razóns que nese apartado se describen.

En relación aos casos sospeitosos e confirmados de COVID-19 e os contactos estreitos de casos no ámbito educativo seguiranse as mesmas recomendacións

reflectidas no punto 4.1 deste documento se ben, debe lembrarse a recomendación xeral de non asistir ao centro educativo se a sintomatoloxía inclúe cadros febrís.

Por outra banda, os centros que imparten o primeiro ciclo de Educación Infantil (0-3 anos) presentan particularidades que os diferencia doutros centros educativos mencionados con anterioridade, como a non utilización de máscara por parte do alumnado, a falta de vacinación fronte ao virus SARS-CoV-2, o propio estado madurativo dos nenos/as e a súa falta de autonomía que impiden manter a distancia de seguridade e outras medidas de prevención, como as de hixiene de mans ou respiratoria, e precisan de coidados directos nos procesos de alimentación, aseo, sesta, etc. que favorecen o establecemento de contactos próximos e prolongados entre o alumnado e o persoal do centro.

Neste contexto, compre recomendar con carácter voluntario, o uso da máscara nos seguintes casos:

- Persoas traballadoras do centro: en espazos interiores e en exteriores cando non se poda gardar a distancia de seguridade.
- Visitas das familias e de calquera persoa allea ao centro (por exemplo, provedores, etc.) nos espazos interiores do centro.



## 5. Resumo uso da máscara

### OBRIGATORIO

- **Centros, servizos e establecementos sanitarios:** persoal traballador, visitantes e persoas ingresadas cando non permanezan na súa habitación.
- **Centros sociosanitarios:** persoal traballador, visitantes cando estean en zonas compartidas e usuarios/as de centros sociosanitarios non residenciais (centros de día, centros ocupacionais, etc) e os seus acompañantes cando accedan ao centro.
- **Transporte público** (incluído o transporte escolar).

### RECOMENDADO

- **Casos sospeitosos e confirmados de COVID-19 e contactos estreitos de casos.**
- **Poboación xeral:**
  - Persoas vulnerables (60 ou máis anos, embarazadas, persoas inmunodeprimidas por causas intrínsecas ou extrínsecas) ou contornas onde haxa persoas vulnerables.
  - Espazos pechados de uso público nos que non sexa posible manter a distancia de máis de 1,5 metros entre as persoas e non se garanta unha ventilación axeitada.
- **Ámbito laboral:** (sen prexuízo do indicado polos servizos de prevención de riscos laborais)
  - Persoal traballador vulnerable.
  - Cando non se garanta a distancia de seguridade de 1,5 m e a ventilación adecuada.
- **Ámbito educativo:**
  - Persoal traballador/alumnado.
  - En Centros de Educación Especial seguiranse as mesma recomendacións descritas para os centros sociosanitarios.
  - En Centros de primeiro ciclo de Educación Infantil o persoal traballador en espazos interiores e exteriores cando non se poda gardar a distancia de seguridade e as visitas das familias e persoas alleas ao centro nos espazos interiores.